

Unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións aos listados provisorios de solicitudes admitidas a matricularse para o acceso ao [Curso de Adaptación ao Grao de Educación Infantil](#) para o curso 2021/22 na Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense, e valoradas as mesmas

**Este Decanato RESOLVE:**

Facer público a [listaxe definitiva de persoas admitidas a matricularse](#).

Lembrar que, segundo a convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de grao da Universidade de Vigo para o curso 2021/22, o **prazo de matrícula**, para os alumnos/as admitidos/as, é do **30 de agosto ao 15 de setembro de 2021** pola Secretaría Virtual da Universidade de Vigo <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/fag/show/32/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (BOE 14/07/1998).

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE 02/10/2015).

Ourense, 27 de xullo de 2021  
O REITOR  
Por delegación (R.R. 26/05/2020)  
O DECANO  
Xosé Manuel Cid Fernández  
(Asinado electronicamente)

APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI
Batlle	Penela	Cristina	***5799**
Fernández	Varela	Daniel	***5979**
Iglesias	Requejo	M <sup>a</sup> . Belén	***4052**

Correo electrónico: [secretariaeducacion@uvigo.es](mailto:secretariaeducacion@uvigo.es)  
Teléfonos: 988 387168 – 988 387196

